

VIERNES, 10 de diciembre de 2010

REPORTAJE: LUCES

Narrativa en tránsito

Das viaxes á lúa d'A campaña de Caprecórneca' (1898) ao São Paulo de 'Periferia', os escritores teñen escollido escenarios de todo o mundo para as súas obras

DANIEL SALGADO | 10 DIC 2010

Ramón Otero Pedrayo narrou as andanzas do dramaturgo Zacharias Werner pola Europa da primeira metade do século XIX. Naquela novela ensaio, publicada pola editorial Nós en 1934 e de título *Fra Verner*, o continente aparece como escenario de ideas, o campo de batalla desa intelixencia, en sentido aristocrático, tan achegada ás preferencias do autor de *Devalar*. Goethe, Mozart, Voltaire, Hegel, Rousseau. Non era a primeira vez que a literatura en galego se asomaba ao exterior, aínda que si, talvez, a primeira tentativa de envergadura estética. Setenta e seis anos despois, Iolanda Zúñiga tamén se move ao exterior e coloca a trama de *Periferia*, último premio Xerais, en São Paulo.

Luís Otero Pimentel narrou unha viaxe á lúa nun libro publicado en 1898

A emigración ocupou páxinas, de Casares á Patagonia de Freixanes

Camboxa, India ou Siria son escenario a obras de autores contemporáneos

O estrañamento xeográfico é paralelo ao existencial na escrita de Gonsar

Otero Pedrayo non foi pioneiro porque anos antes, concretamente 36, o militar Luís Otero Pimentel dera ao prelo *A campaña de Caprecórneca*. Editada na Habana, onde aparecera por entregas na revista *Follas Novas* e onde estaba destinado o escritor (Vila de Cruces, 1834 - Cádiz, 1920), o libro leva por subtítulo *Novela galega hestórica, fantástica e poética* e conta, a xeito dun Jules Verne colonial, unha viaxe á lúa adubada con elementos folclóricos e costumistas. Até que a editorial Galaxia a rescatou en 1994, a obra ficou no cuarto escuro. Non tan escuro pero tampouco a plena luz sobreviviu *Manecho o da rúa*, a achega do militante das Irmandades da Fala Xosé Lesta Meis (Oza, A Coruña, 1887 - 1930) á colección Lar. Nesta protoserie de libros de peto, Lesta Meis colocou unha historia de emigración que se desenvolve na Cuba onde el mesmo residira. Saíu en 1926.

Precisamente o exilio por motivos económicos serviu de pano de fondo a non poucos textos. Entre *Cambio en tres* (1969), en que Carlos Casares fai lembrar a vida de emigrante a un rapaz regresado para soterrar a un compañeiro, e o *Remuíño de sombras* (1973), avanzada tentativa formal, politicamente crítica, de Xosé Neira Vilas, un monllo de autores en galego tamén instalaron os seus personaxes no corazón do éxodo. Nos relatos de *A-Z* (2003), Xesús Fraga retrata os galegos no Londres da década punk. Antes de iren á Europa do norte, os nativos de Galicia viaxaran máis lonxe, empuxados pola ausencia de perspectivas vitais: *A cidade dos Césares* (1992), de Víctor Fernández Freixanes, remata nas chairas da Patagonia, poboada por galaicos no século XVIII.

Nesas latitudes austrais de América pasan *Nos pagos de Huinca Loo* (1982), *Latitude austral* (1992) e *Viaxes no país de Elai* (1992), de Xavier Alcalá. En *Cárcere verde* (1990), o mesmo escritor transporta homes cegados pola busca de diamantes a unha

selva africana. Nunha xungla igualmente indeterminada, Xelís de Toro obriga aos protagonistas de *Riofero* (2009) a remontar un río onde ecoa en forma de homenaxe o Congo de Joseph Conrad.

Tamén Xavier Queipo practicou, confesamente, a novela de selva. En *Malaria sentimental* (1999) a paisaxe é camboxana e a política, os estertores do poder de Pol Pot. Protagoniza un botánico que estuda a flora nos templos de Angkor Vat. Destinos afastados emprega Antón Lopo nas súas incursións narrativas. N'As *reliquias* (1991), a súa primeira novela, unha monxa foxe dun convento e remata no Perú. Para *Ganga* (2000), Lopo traslada a súa escrita á India nunha peculiar *road movie* con riscos de ciencia ficción proxectiva e personaxes adictos ás substancias piscotrópicas. Lois Diéguez, que comparte co anterior orixes en Monforte de Lemos, levou a Siria o namoramento entre un guía e unha viaxeira no seu último libro, *O canto do Muecín* (2007).

Alfredo Conde antes que de escritor traballou de mariño mercante. En *Lukumí* (2006) mergullouse na historia cubana a través do mulato Estevo. Nos relatos de *Música sacra*, 16 anos antes, Roma, Xenebra, Nova York ou Francfort acollían a fabulación do alaricano. *Os ciclos do bambú* (2004), outra agrupación de narracións breves, pero de Xavier Queipo, transcorre no Extremo Oriente, de Hong Kong a Bombai. Miguel Anxo Murado deu conta en *Ruído. Relatos de guerra* (1995) do conflito dos Balcáns e n' *O soño da febre* (2007) percorre Exipto, Palestina ou as colonias españolas en África.

As viaxes dos narradores non son unicamente no espazo, senón tamén no tempo. Rosa Aneiros tiunfou comercialmente con *Resistencia* (nove edicións dende 2003), que noveliza a Revolución dos Cravos portuguesa. No debut de Pilar Buela -*Ácaros verdes* (2003)-, as donas de Hitler e Goebbels son o eixe dos últimos días do Terceiro Reich. Freixanes, na súa segunda obra, escribiu sobre a Italia, a Florencia concretamente, do Renacemento: *O enxoval da noiva* (1988) Marcos S. Calveiro elixe o antroido veneciano no século XVIII e a estrea de óperas de Vivaldi para construír *Setteceneto* (2010).

Foi Camilo Gonsar quen trazou co seu traballo un paralelo entre o estrañamento xeográfico un paralelo e o estrañamento existencial. Fíxoo en 2003 con *A noite da aurora*, o seu testamento literario ambientado en Reikiavíc, e fixérao en 1980, na Nova York de *Cara a Times Square*.